







Os resultados académicos que analicei son do curso pasado, pois na data que fixen a enquisa, o alumnado non tiñan aínda notas.

O grupo é pouco traballador, teñen pouco interese e os resultados son máis ben malos. Hai dúas alumnas que repiten, un alumno que ten "catorce" materias pendentes de cursos anteriores, veu este curso novo, e logo dúas alumnas que destacan.






Gústalles vir ao instituto e as matemáticas uns a valoran entre as materias que lles gustan máis e outros entre á que menos lle gusta.



Entre as materias que lle resultan máis entretidas as que destacan son a Bioloxía (27,3 %) e o Latín (18,2 %), algúns ni contestaron a pregunta.

O tempo que lle dedican semanalmente a estudar, é moi pouco. A parte os datos están moi dispersos.





Entre as materias máis valorada a primeira que aparece son as Matemáticas seguida das linguas estranxeiras e da Física e química. E entre as menos valoradas a Educación Ético Cívica e a Relixión.

O ordenador o valoran como instrumento de traballo, aínda que eles o usan basicamente para navegar ou xogar.

